

INSTRUCCIÓN PARA FORMULAR A OPCIÓN DE INGRESO NO SUPOSTO PREVISTO NA BASE 13.6 DA ORDE DO 19 DE OUTUBRO DE 2022, POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDIMENTOS EXTRAORDINARIOS DE ESTABILIZACIÓN PARA O INGRESO, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, NOS CORPOS DOCENTES.

1. As persoas que resultan seleccionadas para ingresar nun corpo e especialidade na adxudicación provisional que se publica, en ningún caso poderán perder o seu dereito pola tramitación de recursos administrativos.

2. De conformidade coa Orde do 9 de maio de 2023, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 15 de maio, que modifica a Orde do 19 de outubro de 2023, o prazo para optar (renunciar) é de 3 días hábiles, computados a partir da publicación da adxudicación provisional das persoas seleccionadas na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

3. Deberán optar (renunciar) obrigatoriamente aquelas persoas que resulten seleccionadas en máis dunha especialidade do mesmo corpo. Deberá renunciarse en todas as especialidades nas que se resulta seleccionado, agás naquela na que se desexe ingresar.

4. Non é obrigatorio renunciar cando se obteña praza en dúas especialidades de distinto corpo.

5. Non terán que renunciar aquelas persoas que non obtiveron praza ou que obteñen unha soa praza por corpo, aínda no suposto de que teñan a expectativa de acadar outra praza, en virtude das renuncias que se produzan, noutra especialidade pola que teñen preferencia. De darse este suposto, de resultar adxudicatario dunha nova praza doutra especialidade do mesmo corpo, desde a



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos se contactará coa persoa interesada para que realice unha opción.

7. Ás persoas que non opten, de conformidade coa base 13.6 da convocatoria, entenderase que acceden pola última especialidade na que prestaron servizos, cando sexa o caso, e na súa falta, pola especialidade con menor código de identificación.

8. Procedemento da presentación das renuncias.

Para os efectos de formular a RENUNCIA deberá procederse do seguinte xeito:

1.-Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia e autenticarse no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal/>

2.- Localizar no apartado de "Últimos expedientes e presentacións", a **ÚLTIMA** solicitude do procedemento ED001B **correspondente á especialidade á que desexa renunciar**. Para estes efectos cómpre premer no rexistro no que consta presentado a dita solicitude e posteriormente no apartado "Documentación", descargar o documento correspondente á solicitude normalizada para verificar á especialidade á que desexa renunciar.

3.-Posteriormente, na marxe dereita no apartado "QUE PODO FACER? Premer no trámite de **"Renuncia"** incardinado na dita solicitude na que figura a especialidade á que desexa renunciar.

4º. A continuación, siga os pasos indicados: cubrir datos, asinar e presentar no rexistro electrónico e obter recibo.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O presidente da comisión de selección
José Luis Canosa Baldomir

